

Núm. 80

Tomo 7.^o

rós

CARTILLAS

nós

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 *

Número solto 0'70 *

NOTA

Este boletín non publicará máis crónicas qu'as que foran directamente solicitadas pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

O Día da Galiza.

A significación espiritual do Día da Galiza, discurso de RAMÓN OTERO PEDRAYO.

O Galeguismo no Arte, discurso de ALFONSO R. CASTELAO.

A nosa definición autonomista, discurso de V. PAZ ANDRADE.

A Perda d'un Veterano do Galeguismo. EUXENIO CHARLÓN = Bondade e Enxebreza, POL-A REDAUCIÓN.

Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Dicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII ★ Ourense 15 de Agosto do 1930 ★ Núm. 80

O DÍA DA GALIZA

A celebración do Día da Galiza fixose iste ano en cuá seque tod'a Galiza c'a dinidade agardada do rexurdimento crecedero da concenza galega. Na Cruña, Lugo, Barco de Valdeorras, A Estrada i-outras localidás celebráronse aitos importantes, espallados pol-a Prensa diaria. Vigo c'o grandioso mitin do García Barbón, o banquete da Barxa i-outros aitos, demostra ter un ceibe esprito galego de redenzón. A Terra está en camiño. Soilo algús concellos i-orgaosmos non ergueron a sua bandeira. Xa d'istas horas se decatarían de ter feito o ridículo.

A continuación publicámolos discursos pronunciados polos irmáns Otero Pedrayo, Castelao e Paz Andrade no mitin feito no teatro García Barbén, de Vigo, na data de referencia.

N'eles latexan os verdadeiros sentimentos da nosa terra encol dos que ciméntase o ideario da galeguidade que hoxe vai camiño de se impôr en toda Galiza.

Pode decirse que c'o acto no que se pronunciaron ditos discursos encetóuse unha nova era para o noso país.

Coidamos, pois, de fondo intrés que cheguen a coneциamento de cantos galegos nos lén.



A SIÑIFICACIÓN ESPIRITOAL DO DÍA DA GALIZA

RAMÓN OTERO PEDRAYO

A EMOCIÓN DA MAÑÁN DO SANT-YAGO

Miñas donas, meus señores:

Sinto niste momento, ó falarvos, unha grande angustia, que remanece da concencia da miña responsabilidade e da cativa forza das miñas palabras; mais como na pureza do meu amor á Terra recraco un posto na avangarda, esperimento tamén outro podeiroso sentimento de ledicia contemplando iste Teatro, que o xenio galego ergueu, colmado por todo Vigo. Eu non son quien pra expresar a emoción d'ista festa. Si levados polas azas d'un xenio poideramos estar presentes ó mesmo tempo en todalas rexións da Galiza no abreto do dia de Sant-Yago Apóstolo, ouviríamos e abrangueríamos a maravilla d'unha mañán úneca. Todalas torres galegas badelan hoxe d'un xeito novo. Igoal as espadañas sinxelas das ermidas da montaña, que as torres barrocas, frolidas e pimpantes, da beiramar; que a prodixiosa Berenguela compostelán, a mais fermosa antena d'espirito que se ergue no chán da Europa.

¡Quén poidera formular o sentimento galego dos outros chaos lucenses, idealizados pola brancura dos bosques de bidueiros, das serras esgrevias nutricias das augas dos vales, dos ribeiros acougados nos que a misteriosa alquimia do sol no vrán vai criando a esenza do viño, das costas bordadas pola escuma tecedora dunha orla d'encaixes de Camariñas arredor da figura de Galizal

¡Quén poidera decir o ledo sentir das cibdas, das vilas e das aldeias na festa do Patrón! As campás badelan tamén noutras festas agarimosas; nas adicadas ós santos das parroquias; na mañán do dia do San Paio e de San Martiño, o fundador, e da Santa Mariña, a pérola do mar, e de San Bieito, o mestre dos monxes, e de tantos outros viventes na leenda inmorredoira.

Mais ó prestixio d'ista mañán do 25 de Xulio non alcanzá nin a do San Xohan, cuando as rapazas aldeáns van na y-alba dubido so procurar a frol da y-auga nas fontenlas puras, ainda soantes á un misterio da noite e non bicadas pol-o sol. (*Aprausos*)

O GALEGUISMO DO APÓSTOLO

A hestoria de Galiza é unha grande hestoria vivente. Nosa festa podería inspirarse noutros feitos, e noutros nomes. Poderíase escolmar a memoria d'un poeta simbólico, i-eiqui o nome de Pondal ven ós beizos, pois il, criado na soedade doble do seu pensamento esgrevio e na soedade das gándras e da costa bergantiñán, soupo frotar por riba dos tempos e non dubidou endexamais dos destinos galegos. Poderíase escolmar a data da inauguración do Pórtico da Gloria, porque n'il o espírito da nova Europa soupo falar en pedra e y-alma galegas, atopando unha expresión nova por primeira vez dende a arte grega. Poderíase buscar un feito guebreiro: a batalla da Ponte San Paio, na que

os labregos nosos, armados con armas de cazadores, ceibaron a Galiza das águias de Napoleón, sin reis, sin xefes, sin organización oficial: iles soilos, c-o peito diante do invasor. (Non! Era preciso algo que no seu outo simbolismo abranguerá o pasado e o presente, que estivera inzado no pobo e tivera unha siñificación universal.

Señoras e señores: o Apóstolo Sant-Yago témol-o os galegos que considerar d-un xeito diferente e superior ós mais apóstolos, dito seña con tod-o respeito e amor debidos ós portadores das palabras de Cristo. Sant-Yago, o fillo de Zebedeo, é noso, é un galego. Porque o feito do nacemento non pende da voluntade. E o feito d-escoller pr-a coba á unha terra é un feito de libre arbitrio, máis o que da elección da patrea.

Sant-Yago pescador nas augas mornas do mar de Galilea, vivía n-aquela terra santa, ainda emozada e maravillada de sentir o pasar levián dos pés divíños de Xesús e de escoitar as verbas da Redención. Mais il soñaba c-o mundo occidental, coas beiras do mar descoñecido, c-o mundo de noite que pechaba en si un mundo d-hestoria futura, e veu pol-o mar, e veu morto pr-a ser galego e autorizar coa sua lembranza o gran Patriarcado d-Occidente. (*Aprausos*)

O CORAL DOS POBOS EN CAMIÑO

A Galiza hai que sentila i-enxergala en si mesma, no seu cerne, mais tamén en función do mundo. Ollade pr-o Ceo. Os antigos e-un sentido xeométrico poboaron a esfera de constelacións d-un matemático estatismo: son héroes, son símbolos, son deuses, precisos, fermosos, frios, rayolantes de lúx individual. Mais o que non fixo a Antiguedade, fixoo o tempo criador, e a Edade Media, trazendo o Camiño de Sant-Yago, acertou c-un simbolo non estático, dinámico; non individual, colectivo; non fixo, senón camiñante. O camiño sempre foi a millor propedéutica do espírito. O camiño purifica, ergue, cría posibilidades. Todo tende á riqueza da diversificación, camiñando. E a Galaxia e iso: unha moitedume de luciñas en camiñar, coma se cada un fose unha y-alma

e todas elas xuntas as moitedumes de cristianidade, en procura da nova santa terra. Os antigos ouvían a mísica das esferas; os séculos do románico ouvirón o coral da Galaxia, coral de pobos en camiño. (*Aprausos*)

O POBO SEMPRE SOUPO O SEU DEBER

É natural, señoras e señores, que as miñas primeiras palabras, foran adicadas a aldeia. Sempre na Galiza calquera manifestación vital ten que vir d-ela. Apenas fai falla eispricar o porqué. O pobo labrego e mariñeiro soupo sempre o seu deber; namental-os homes da cultura, ou os que se chaman tales, esquecian a terra e procuraba un vivir d-imitanza, o pobo gardábase fiel ó espírito. Traballando de sol á sol, aldraxado e servo, non perdéu a confianza. Cangado encol de probes leiras de centeo cantaba as cantigas antergas, cada mañán novas de novo orballe, e pol-a noite, ó redor d-un probe lume de garamatas, en cada fogar latexaba a leenda, a maximación, a arte dos celtas inspirados. N-iste Día, nosa primeira admiración pr-o pobo. Pois moitos homes da cultura foron reos do pecado que se non perdoa, do pecado contra o espírito, o que soilo Deus, cecais querería dispensar.

Eu non sei, señores, se o pobo terá razón. Si será certa a estadea das almas. O pobo á min ofreceume pol-o menos tanta confianza com-as universidades mais empingorotadas. Pois se hai compañías, a noite do folión de Sant-Yago non van as y-almas cantando tristeiras arredor das cobas dos cemiterios recendentes ó mol terrón das sepulturas. Van ledas, sorridentes, latexando as campás da alegria galega. E diante da procesión temerosa, vai unha grande pantasma, que leva un pendón como levó na vida, a pantasma de D. Diego Xelmírez. (*Aprausos*)

LEMBRANZA DOS MORTOS

Hoxe temos tamén que nos lembrar dos nosos mortos inesquecidos. Nos países celtas o sentimento sempre presente da morte é unha garantía do valor da inmortalidade. Eles, os mortos amados, nos guian c-o seu

exemplo. E os nomes de Leonardo Rodríguez, do Arcebispo Lago, de Lois Porteiro, de Lousada Diéguez, o conselleiro sen parexa, o outísimo carácter, de Amado Carballo, de Manuel Antonio... están nos beizos de todos os galegos.

VIGO, UNIVERSAL E GALEGO

Día noso, de Festa Maior. Hoxe Vigo celebra-o cunha grandeza propia da sua xerarquia atrántica. Eu sinto en Vigo unha emoción particular. Cando neno, eiqui ollei o mar por vez primeira e ás suas ondas debo a saude do corpo. N aqueles tristes anos, despois da perda da guerra d América; anos tristes de impotenza, de desespero e escepticismo, cando as más cidades españolas figuraban fermosas donas enfermas, sin espranzas de convalescencia, Vigo traballando criándose d un pulo unha gran cidade, exemplo incomparabre de enerxía nas beiras da mar. Eu era un neno, vagaba sen amigos polas rúas, mais enchiánme duas cousas de semellante intensidade: o belbordo das ondas e a música dos picos dos canteiros

NÓS

ros labrando en granito galego as fermosas casas de Vigo. ¡O mesmo canto dos canteiros aldeáns, labrando os sinxelos perpiños das casa dos labregos! ¡Vigo, universal e galego, como toda Galiza foi e será nos tempos de verdadeira vida!

A FORZA D'UN XURAMENTO

Seniores: Eu non quero alongar mais a voza agardanza. Os fillos da Galiza que van falar e a significación d este día merescian outro prólogo que iste que eu teimo facer. Pro quero deciros que a festa da Galiza ten a forza e a formidábel concenza d un xuramento, que todos facemos, non sobre un libro de leis, senón sobre do futuro, sobre o berce do porvir. Estamos no momento criador, plasmando a futura e ceibe Galiza. Ficamos coa Festa d hoxe obrigados a traquer cada un o seu esforzo.

E pra rematar solo vos prego que beredes todos conmigo, erguendo os corazóns: ¡Viva Galiza!

(Tribútase ó orador unha prolongada ovación).





O GALEGUISMO NO ARTE

ALFONSO R. CASTELAO

O ARTE AVANZADO, O APARECER OS GALEGUISTAS

Miñas donas e meus señores:

A nosa tradición artística durmía o sono da morte, co coitelo da traición espetado no peito, e as arañas arrepiantes do esquecemento fiábanlle, soleríñas, a tea da súa mortaxa. Mais algunas almas boas do século derradeiro deron co sariego da nosa tradición e fixérona revivir. Con todo quedábanos a nós, os novecentistas, a misión de animar un arte que fose a expresión do sentido da vida galega e das ideas do noso tempo.

Cand'os galeguistas aparecimos na loita, querendo engadir á vella tradición esquecida unha nova tradición, xurdía no mundo enteiro un anceio de renovamento; e o novo espírito, en pleno balbordo revolucionario, plantearba xa un gran problema de liberdade par'a individualidades étnicas. Reparade como eran diferentes as arelas colectivas no arte avanzado:

En Italia, o futurismo, significaba un anceio de progreso material cand'o presente vivia esmagado pol-a más longa e gloriosa historia do arte. En París, o cubismo, significaba un desexo de método e disciplina ó quedaren esgotadas de todo as posibilidades do anarquismo artístico dos derradeiros tempos. O expresionismo dos alemás significaba

un retorno á espiritualidade cando se decañaron de que a mesma cencia, orixinariamente espiritual, fa camiño de trocarse en simple servidora da técnica. O arte ruso, en fin, tan popular e tan novo, significou e significa ainda, un renacemento da cultura propia en contra das culturas alleas, que tiñan asoballada toda posibilidade de creación artística, orixinal e xenuina.

Na Hespaña, o movemento de renovación manifestouse no terreo da política porque foi o Estado quén aferrollou a liberdade dos pobos; mais no fondo de todo, eiqui com'en todal-as partes do mundo, non hai máis que un desexo: o de libertad-o espírito. I-eu digo-los que o movemento libertador terá remate cando a liberdade sexa conquerida.

É de balde decir que por un esforzo común terá de chegarse, eliminand'o individual, á un estilo colectivo que traspase as estremas da nación, pois as arelas de renovamento artístico non poden resolverse con unisonancias sinón más ben con acordes maxestosos e complicados. Por outra banda o cuño de orixen, a orixinalidade, nin pode amingoar a universalidade do arte nin pode fanarlle, tampouco, a súa función social.

O UNIVERSALISMO

A cantos rifan conosco por razóns de universalismo é ben decirles que endexamais

ollamos á ningún paxaro tropezar en ningunha fronteira. E se non tropezan os paxaros ¿cómo podian tropezal-os nosos sentimientos e as nosas ideas!... (*Aprausos*)

O que queremos é desatrancal-o camiño da Europa; aquel camiño branco que unía Galiza co resto do mundo civilizado, no tempo Iónxano dos Cancioeiros e do Pórtico da Gloria. (*Aprausos*)

Por arte, que ven á selo mesmo que por humanidade e que quér decir algo máis que por patriotismo, compre aguilloar a concencia durmiente da persoalidade galega; porque nós, os fillos de Breogán, os homes que ainda conservamos no espírito «as calidades afeitivas d'ese xenio celta, que foi o noso *fiat* xenésico», temos obriga de levar sentimientos novos e orixinaes e xenerosos, á corrente da vida humán. ¡Hai que poñer a producir todal-as posibilidades d'un pobo diferenciado en ben, principalmente, da riqueza espiritual da humanidade! (*Aprausos*)

O porvir do arte galego non está en traer de fora un estilo novo sinón en crear, nós mesmos, o noso novo estilo. E todos cantos preferimos ser esclavos da Natureza á ser esclavos das leises dos homes, proclamamos a necesidá de que os sentimientos galeguistas sexan zume da terra e celme da tradición, non entendendo por tradición a serie de aitualidades superpostas, sinón o eterno que vive acochado no instinto popular.

DEFENSA DA NATUREZA

Falei de Natureza, verba sospeitosa para algúns intelectuaes que xa non queren escribil-a con maúscula; mais eu escribiría con maúscula todal-as letras da verba Natureza, ainda que me chamasen panteista... E agora permitideme que faga unha lene defensa da Natureza, en ton humorístico para que non me chamen *cursi*.

Non sei se Deus lle puxo rabo ós caballos sómente para que tivesen con qué tornal-as moscas, e menos podo decir que nos dese nariz para cabalgal-os anticollos e orellas para trabal-as rendas das gafas. Pero hai homes de libros que aseguran á decotío que o pararrayos significa un trunfo do

home contra Natureza, cando de certo é unha defensa que a boa Natureza nos dou para que nos defendésemos dos lóstregos, pois se ela quixese os lóstregos enfiarián as cabezas dos homes e non as puntas metálicas. (*Aprausos*)

O home pode envanecerse de ter inventado o paraugas contra choiva, e bó é. (*Risas e aprausos*).

O ARTISTA E A SÚA OBRA

Mais ainda hai homes que pensan que fan fillos e din que fan fillos co-a mesma seguridade con que un zoqueiro pode decir que fai zocos. A esta caste de homes, estúpidamente parvos e vanos, pertenecen moitos artistas que aseguran ser creadores, en absoluto, das súas obras de arte... ¡Non! O primeiro sorprendido diante d'unha obra de arte é o seu propio autor, da mesma maneira que un pai diante da fermosura d'un fillo acabado de nacer.

O artista é pai das súas obras de arte, ainda que esto non priva de que sexa creador das súas obras *ruins* e perecederas.

Os que renegan da Natureza para seren creadores, semellan ciclistas costá arriba, ciclistas esclavos da bicicleta, unha caste de cabaleiros que levan o cabalo ó lombo. Pensan que o arte está nos miolos i-estruchan a cachola coma quén estrucha un tubo de pintura. (*Risas e aprausos*)

É a flagrante vanidade dos homes que moitas veces pretende enseñarlle xeometría a quén fixo as leises porque se rixe o movimiento dos mundos.

A ESPERANZA CELTA

Di Lamennais, o atromentado bretón, que cando a serpente chantou os seus ollos na grea dos homes, tremeron; que logo faloullies ó ouvido, e que cand'os homes escoitaron á serpente comenzaron á decir que eran reises. E foi entón, cando nasceu o medo.

I-eu digovos que compre non tremer dante dos ollos da serpente, nin darlle creto ás súas verbas garimosas, porque temos de

traballar sen medo, seguros de que xa non hai morte que poida matarnos.

A esperanza celta, manifestada en lendas de circia significación poética, é un símbolo vivente da nosa nacionalidade, e amostra unha indómita confianza nos nosos destinos. Todolos pobos celtas teñen as súas lendas de esperanza; uns agardan pol-o rei que desapareceu na poeira d'unha batalla legendaria; outros confian na resurrección das cidades fabulosas que durmen, enteiras, no fondo das augas; outros, de máis forte imaginación, esperan que un novo cataclismo devolva o mundo a Atlántida sulagada. E eu penso que todal as formas da esperanza celta non significan mais que unha cousa: a confianza no trunfo da nosa civilización de paz, de paz que pon por riba de todal as riquezas materiaes a imponderable riqueza do espírito. Porque nós, os celtas, amamos de tal maneira o espiritual, que si non eisistise a y-alma, seríamos capaces de creala, a forza de anceios; e se non eisistise o Ceo, seríamos capaces de inventalo, para os nosos mortos. (*Aprausos*).

A FORZA SIMPÁTICA DO ARTE

Sen querer marcheime por vieiros de sentimentalismo, cousa natural n'un artista que ainda é d'abondo romántico. Deixádeme evocar un intre da miña recente pelerinaxe por Bretaña.

Fai por este tempo un ano atopejme unha tarde no *Gran Bey* de Saint-Malo, onde Chateaubriand durme o seu sono derradeiro ó xeito dos antigos druidas. Leváballe lembranzas dos románticos galegos, de Otero Pedrayo, de Lousada Diegues... Ali queixeime de que se quixese soterra o romanticismo, e xuraría que o espírito de Chateaubriand quixo consolarme.

Senteime ó pé da súa campa, chantei os ollos nas lonxanías do mar do poente i-escoitei:

—Tí estiveches en Fisterre, na punta do Raz, onde o Atlántico bate feramente. Pois ben; cando durme o mar todos son ollos para admirar a forma dos rochedos; cand'o mar desperta todos son ollos para ademi-

ral-a súa forza. Certo é que o mar necesita dos cons para non morrer parvamente n'un areal; pero compre non esquecer que de cada loita que o mar sostén co-a pedra, xurdien os rochedos c'unha nova forma. Eis o arte. O arte é un gran corazón, que para latexar e contal-o tempo que pasa, necesita dúas forzas contrarias: cando á un corazón se lle corta o nervio frénico, o corazón tola; cando se lle corta o nervio simpático, o corazón quedase. Estas dúas forzas eisistiron y-eisistirán sempre no arte, e n'un intre determinado da historia puderón chamarse romanticismo e clasicismo. Palabras... ¿sabes? O certo é que o romanticismo representa o predomínio da forza simpática do arte. Que o enterren, se é que poden. Ti non lles digas nada; mais eu digoche que o que enterran non é un cadavre, que é unha semente. (*Aprausos*).

Dende aquela tarde bretona xa non teño dúbidas. Sei que o romanticismo dos nosos pais vai indo vello, e que moitas formas, luxadas pol-o uso, que foron ricos adobios da literatura romántica, deben morrer axiña; pero a forza simpática do arte é outra cousa: esa é a i-alma toda do Oicidente, que ainda está para enxendar moitos romanticismos novos. E nós, os habitantes dos Fisterres, os celtas do Atlántico, representamos o cerne mesmo d'esa forza creadora.

O QUE DEBEMOS O CENTRALISMO

As aspiracións permanentes do pobo galego, os seus anceios fondos, os seus instintos profundos, son combatidos polos patrioteiros de *chin-chin*, que moitas veces falan fachendosamente en nome d'un progreso imaxinario; mais é tempo de decirles que o progreso non vai car'a uniformidade sinón car'a armonía. E se o progreso fose cara esa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por enriba do progreso está a perfección; e nós, por un desexo de perfección e por unha dinidade que xa vai sendo dinidade persoal, non queremos que na fala dos nosos abós, que na lingua dos Cancioneiros, se siga eispresando, sómentes,

a incultura e a probeza, que, por outra parte, lle debemos ó centralismo. (*Aprausos*).

Que sigan chamándonos separatistas os ananuxos da política centralista. Nós segui-

NÓS

remos traballando ledamente, cantando; seguros de que no vello tronco hispánico nacerá unha nova ponta frorecida.

¡Ouh aqueles versos de Pondal!

Non cantes tan tristemente,
Probe e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos.
Pr'adormecel-o rapaz,
Ond'está a cova do sono,
No céltico carballal.
Cántalle cantos ousados,
Qu'esforzad'o peito fan.
Cántalle o que xa cantara
O nobre bardo Gundar:
¡A luz virá par'a caduca Iberia.
Dos fillos de Breogán!

Dixen

(*O púbrico tributa ó orador longos e afervoados aplausos*).





A NOSA DEFINICIÓN AUTONOMISTA

V. PAZ - ANDRADE

DUAS VOCES E DOUS CAMIÑOS

Señoras miñas, Señores:

Voces verdadeiramente auténticas de Galicia, das que recollen e sinfonizan na gama dos seus bariles acordes, os latexos mais íntimos das entrañas da raza e os recendos mais enxebres e quentes da Terra, pódese decir que hoxe despecharon eiquí, a xurdia, lumiosa alborada do noso porvir.

No verbo fluente e cintilante do Ramón Otero Pedrayo, treme a y-alma lírica de Galicia, fecundada pol-a historia, arrollada pol-a leenda, debullándose en cantigas pol-os soutos e os camiños da paisaxe, e coutada agora na ensofación do Dia giroso, en que se han de cumplir as profecías dos bárdos e se han de realizar as arelas dos loitadores.

Na palabra xenial do Castelao, coma nas liñas máxicas dos seus dibuxos, adquire perfiles plásticos a y-alma dramática de Galicia, a vida escura do pobo asoballado, o espírito esquecido da lei do seu propio ser, que loita por atopar no mundo da arte a sua propia expresión e o seu acento orixinal.

Mais compre agora que se deixe ouvir, ainda que desmadeixada e probe pol-a cativa calidade do seu intérprete, a voz do pensamento galego, o eco humilde das cavilacións sereas e xenerosas nos destinos inmediatos da Terra, conxugadas coas inquietudes que esta hora histórica e solemne, tende provocar no ánimo de todos os homes conscientes d-un país, que siente abrirse diante de si, coma os términos do dilema de Hamlet, estes dous camiños: O da eterna

servidume, ou o da proisima liberdade; o da permanente descalificación civil, ou o da decencia cibdadán reconquerida e trunfante; o do sometemento á sistemas e reximes incompatibles co-a sua Natureza e a sua prosperidade, ou o da emancipación salvadora, que faga de Galicia, en vez d-unha terra envilecida e despreciada, unha rexión viva e culta, poboada por homes libres. (*Aprausos*).

SETE ANOS XORDA, MUDA, CEGA...

¡Primeiro Dia de Galicia, que celebramos trás da Dictadura! Hoxe fala a nosa Terra, despois de vivir sete anos xorda, sete anos muda, sete anos cega.

Xorda, hasta esquecerse de si mesma, do seu idioma esgrevio e amoroso, proscrito coma todo intento de reivindicación rexional; pro xorda tamén, pra non avergonzarse ouvindo o coro das rendidas adulacións, que outros anos, por estes mesmos días, os asistentes de americana ofrecían á cantos entorchados, ebrios de mando, paseaban por Galicia a sua teatral fachenda.

Muda, porque nin siquera nos concellos expresou seu sentir, suas arelas o pobo, e cando ainda quedaba na prensa un baluarte inconquistable, refuxio derradeiro dos loitadores xenerosos pol-a terra e pol-a liberdade, houberon de encañonarse contra él, hasta esborrallalo en forza de multas, suspensións i encarcelamentos, as artillerías dos gobernos de provincia, militares e civiles. (*Aprausos*).

E cega, cega pra non ollar o contraste

irritante d-unha España relaxada dende o poder na mais escandalosa orxía d-euro, mentres, por outra banda, solo á conta de Galicia as caixas do Estado facían economías. E así, un día nos arrincaban de Santiago a Escola de Veterinaria, outro dia as Escolas de Náutica e as granxas agrícolas; hoxe se nos denegaba o Ferrocarril Central Galego e mañán decretábanse, pra deixar tolleita unha rexión sen camiños de ferro, as escrusivas por carreteira, ou se impedita, por protexer os trigueiros, a libre entrada do millo, coma se os nosos dous millóns de labregos non tiveran direito siquera, á comer no seu xusto precio un anaco de broa miserabre. (*Aprausos*).

Korda, muda, cega e ainda despois, botada pol-o chán a Dictadura, cando Galicia coidaba recobrar os seus sentidos, a voz da sua gorxa e a lus dos seus ollos, tivo que os empregar desesperadamente en defender o único legado considerabre herdado d-aquel rexime, o ferrocarril Zamora-Cruña, disputado á Galicia mentres que á ningunha rexión de España se lle regateou un kilómetro de vía, nin se lle demorou un prazo da construción. (*Aprausos*).

A DICTADURA E OS VELLOS POLITECOS

Mais, ¿non foi ese rexime nefando rexime do desenfreno par-os ricos e d-agobio par-os probes, rexime de asoballamento par-as arelas espirituales e de relaxo par-os mais baixos apetitos — non foi ese rexime acollido con aprauso e saudado con xúbilo pol-a nación española? Eso dín, buscando unha xustificación enganosa, os que foron botados da gobernanza do país, pol-o couce displicente do dictador.

Compre saír ó paso d-ese sofisma, c-o que pretenden cohonestar a sua triste desaprensión, os que agora están de novo convertidos en acólitos serviles, da mesma maxestá que os repudiara denantes. Porque España non recibiu con ledicia o advenimiento ó poder do rexime dictatorial. Se tal fixera, habíamos de confesar que era, un país consubstancial co-a servidume. (*Aprausos*).

España reloucou de contenta, por se ver

libre — ainda que fora pra ensayar unha sus-titución recusabile — d-esas mesmas oligarquias que hoxe agardan, solertes e trai-cioceiras, a ocasión de volver ó asalto dos feudos, de onde foron decepadas pol-a folla vingadora d-unha espada arrogante. No 1923 España refolgou a gusto un instante, por se sentir ceibe, destrabada da opresión caciquil, da praga de politecos caducos, co-a sua crásica colección de xenros, fillos, muñidores e pasantes, que na escala zoolóxica da política integran a clasificación dos parásitos comensales. (*Aprausos*). Eses mesmos que agora andan xa facéndolle o amor ós distritos, e mentres non chega a hora das enxentes presupuestarias, vanse axudando co-as bicocas dos Monopólios e os Paritarios, as alcaldías e as diputacións retribuidas, e cantas prebendas deixóu como apetitosos despoxos a Dictadura que maldi-xeran, os que están prontos a reencarnala. (*Aprausos*).

Esa Dictadura contra á que eles nada intentaron, senón foi apuntalal-a co-a sua cobardía, co-a sua abstención, co-a sua entrega pasiva e rebañeira ás veleidades e os caprichos da tirania. (*Aprausos*).

Galegos: pol-a dinidade de Galicia e de España, pol-o que temos de homes libres, pronunciémonos solemnemente, facendo este xuramento ante o altar da Terra, contra os vellos politecos que trouxeron a Dictadura e contra a Dictadura que non fixo imposible o retorno dos vellos politecos. (*Longa ovación*).

A IMPOTENCIA DO RE-XIME PROVINCIAL

Pro non chega con repudiar as persoas; non abonda con residenciar á uns pra instalar á outros, que, o día de mañán, poidan recair nos pecados combatidos. No renovamento han d-entrar os homes e as fórmulas, as xentes e os sistemas. E coma primeiro obxectivo, un apremio hestórico ven postulando a modificación da estrutura administrativa, política i-espiritual d-España, no senso de acomodal-a ás realidades vivas do país, ao que un xenial meditador de Castela, Xosé Ortega Gasset, chamou «discontinuidade».

des cualitativas», «confins interiores», que cristalizan e se incorporan nas variedades rexionais.

España é hoxe un mosaico ademilitarizado, retallado en medio cento de provincias, tan irreal, tan artificioso e tan frío como os mosaicos cerámicos. As provincias, herdando este nome das divisións militares romanas, non podían ser outra cousa que os aparatados, valeiros tinglados do cesarismo centralista. Hasta poideramos decir que as cabezas visibles das provincias foron moitas veces pretores, con un nome mais civil; pretores que algunha vez sintiron a saudade do triclinio de Heliogabalo, e outras convertiron o chan alfombrado do seu despacho oficial en pista de gladiadores. (*Aprausos*).

Do fracaso do rexime provincial, falan os feitos cunha eloquencia insuperable. Endexamais as diputacións tiveron tanta amplitud de funcións e tanta folgura de meios económicos, coma dende que a Dictadura compuxo e promulgou ese torpe enxendro lexislativo, que se chama Estatuto Provincial. Pois a sua laboura sigue sendo tan probe e de tan curtos alcances, coma nos melhores tempos do rexime anterior.

Cando unha diputación quixo desempeñar as suas xenuinas atencions de beneficencia, e prestar-las a os tolos, os xordomudos, os cegos, os leprosos, etc. da provincia confiados á sua tutela, topouse na imposibilidade de cumplir isoladamente esa elemental finalidade. E houbo de reclamar o apoio das demais diputacións galegas, pra pensar en facer un Manicomio rexional, un Colexio rexional de xordomudos e cegos, unha Leproseiria rexional, etc. ¿Non é esta unha confesión paladina de que o rexime de provincias non responde ás necesidades, cada dia más complexas, dos pobos ademilitardos? ¿Póde se amostrar mais forte argumento en pró da constitución da mancomunidade, ou, mellor, de que Galicia debe rexirse por unha Diputación única, que asuma o poder rexional. (*Aprausos*).

Pois lembrádevos de que o problema de beneficencia pública mais tráxico de Galicia, ainda está por desfrutar. Na nosa Terra, segun as estadísticas morren vintecatro tísicos cada vintecatto horas, un en cada

hora do día. As duas terceiras partes d'ese número son xentes probes, sen recursos pra unha curación eficaz. A inmensa mayoría d'elles morren, porque as diputacións galegas ainda non foron d'abondo pra levantar, a os aires purísimos d'unha montaña céltiga, un sanatorio siquera pra tuberculosos probes. (*Aprausos*).

A impotencia do rexime provincial é hasta unha ameaza pra nosa saúde e pra nosa vida.

O CESARISMO CENTRALISTA

Deciamos que a organización ademilitativa provincial, viña á ser o tinglado do cesarismo centralista. España é hoxe un país tan dominado pola obsesión centrífuga que ten hasta o dereito á respirar hipotecado á Madri.

O centralismo é unha organización incompatible con todo rexime democrático; pois ten condición de ser unha supervivencia do absolutismo. É o absolutismo exercido sobre os órganos internos e os seítors vivos da nación, caracterizándose polo imperio do «balduque» e da «covachuela» crásica, que estrucha e aniquila todolos pulos da espontaneidade nacional. (*Aprausos*).

España padece d'un mal, que eu chamei n-outra ocasión «o narcisismo do ombrigo»; do ombrigo d'Espanha, que non é outro, senón o seco e conxestionado ombrigo do páramo. Os intereses colectivos e os probremas xenerais que extravasan o circulo umbilical, son intereses que non interesan, son intereses e probremas ó marxe. Dixérase que España existe pra Madri, en lugar de Madri existir para España.

O DESPERTAMENTO XENERAL DOS REXIONALISMOS IBÉRICOS

Estas premisas ideolóxicas i-históricas explican os dous grandes movimentos políticos que se rexistran en España á hora presente: un que pugna por mudar a forma do Goberno; outro que loita por trocar a forma do Estado, pra moldear de novo a que puderamos chamar anatomía constitucional de España.

Asistimos hoxe á un prodixioso despertamento xeneral dos rexionalismos ibéricos. As rexións españolas, como obedecendo á un conxuro, rexurden da tumba onde estaban oficialmente amortalladas, e dispóñense á recadar o dereito á rexirse por si mesmas, á manumitirse do centralismo abafante, e á reivindicar a sua persoalidade política e administrativa, a sua fala e as suas institucións xurídicas tradicionais. Endexamais, dende fai catro séculos, dende que a man de ferro dos Reis Católicos despoxou de libertades os antigos reinos, se produxo fenómeno semellante na vida española.

Primeiro, Cataluña, irmán maior, precursora na xesta emancipadora, solar da nova cultura grecolatina, que, esmorecida nas ribeiras groriosas do Helada e do Tiber, reflorce a o cabo de dous milenios nas beiras do Llobregat, falando o idioma de Ramon Lull. Cataluña anda agora, como froito d'unha intelixencia antrę todolos seus sectores e forzas politicas, a compoñer o Estatuto que haberán de sancionar as prouimas Cortes, como carta magna da autonomía catalana.

Pero tamén polas vertentes central e occidental do Pirineo, baixan en riada vigorosa car'a Meseta, as arelas rexionalistas. Aragón ergue o branco estandarte abatido dende a execución do seu Xusticia maior Juan de Lanuza, como enseña do novo movemento aragonésista.

E ó mesmo tempo, os efectivos políticos todos de Navarra e Vasconia, non satisfeitos c'un rexime de concerto económico suxeto ás veleidades da política central, alianse pra reconquerir a plenitude do rexime foral, que outro tempo gozaran aquelas provincias.

Os ventos do Levante tránnos os clamores das «xermanías» de hoxe, pois a quentura d'ese gran fogar do espírito valencianista que se chama «Lo Rat Penat», transformase en formento d'unha puxante reacción rexionalista.

E Andalucía comenza á superar o flamenco. O verbo de Gastalvè e a pluma de Blás Infante, convirtense en guías do andalucismo, que ha de entroncar o porvir da rexión meridional de España, c'os antigos

emprendores da Bética de Séneca, da Bética de Averroes.

Asturias apréstase tamén á defender a reivindicación da sua persoalidade, ben recente de ter algúna outra prerrogativa, que a de decorar o membrete dos Príncipes. (*Aprausos*).

Pero ainda faltaba Castela, a Castela libertaria de Villalar, que tamén se sinte vítima propiciatoria do pulpo centralista, enroscado n'un dos seus outeiros aspérromos. En Salamanca, en Burgos, en Valladolid artigúlase hoxe a cruzada de «Acción Castellana», que ven á ser a correspondencia central dos movementos autonomistas da periferia. (*Aprausos*).

OS IDEALES DO AUTONOMISMO GALEGO

¿E Galicia? Tamén par'a nosa Terra, gallegos, chegou a hora do despertamento. D'aquel sono de morte, en que o poeta Añón a vira debruzada, Galicia escomenza agora á espreguizárselle vigorosa.

Datan de fai quince anos, os primeiros vaxidos das ideas autonomistas en Galicia. Foi estoncés cando prencipiou á dar fríos vizados, na literatura e no arte, na ciencia e no xornalismo, a semente dos Precursores.

Hoxe o pensamento galeguista, as arelas reivindicatorias da persoalidade rexional, entraron n'ese crítico intre biolóxico en que as imprecacions dos bardos e as teorías dos pensadores, se incorporan e trasfunden na concuencia política da masa. As lucubracións de gabinete, están adequirindo a forte envergadura dos principios ideolóxicos que se debaten no balbordo do ágora.

E un movemento que, nos comenzos, moitos coidaron extraviado inelegante de intelectuais, ven á ser hoxe a mais forte e pura afirmación de rebeldía que se levanta en Galicia, e que vai gañando, hora por hora, no agro e nas cidades, o arraigo e a fe que solo consigue unha política, cando é, mais que eso, unha verdadeira relixión cívica. (*Aprausos*).

Nós vimos a construir unha nova Galicia, que sexa como espello da sua propia esencia étnica. Queremos unha Galicia autó-

noma, señora de si misma, que sexa oficialmente o que ela é naturalmente. Levando os principios democráticos á sua mais radical manifestación, acreditamos que o pobo galego entenda directamente nos seus probremas, sen intromisión de quen, alleo á eles, os resolve sen conoselos, sen sutilos, sen vivilos, como poidera resolver os probremas do Congo. (*Aprausos*).

Pero un rexime d-autonomía integral, que non sexa unha gracia gobernativa, senón unha forma xurídica recoñecida no Código fundamental do Estado. Unha autonomía rexional asentada na municipal, con dereito ó uso da nosa fala, inxustamente desterrada das escolas e das cátedras de ensinanzas superiores; con igualdá de dereitos para muller e o home, adoptando o sistema electoral da representación acumulativa ou proporcional, con veto expreso contra-elexibilidades que non traballan, pois quen non renda á sociedade unha función útil non ten dereito a represental-a; coa terra libre de gravames, prós que a traballan, tendendo á remediar a escesiva subdivisión das leiras, á declarar inembargables aquelas que o labrador precisa para sua manutenza e precura pola sua man, á eximir da contribución urbana as miserentas chouzas en que viven moitos dos nosos labregos, a supresión do imposto de cédulas, á que se reconaza o dereito de retracto á favor do arrendatario e o aparceiro, a libre importación do millo e de canto precise a agricultura galega, a revisión da lexislación e da actuación foral da Dictadura... En fin o autonomismo galego presenta no seu programa soluciones a os probremas económicos de Galicia, preferentemente agrarios, que ainda non foron hasta hoxe debidamente defendidos (*Aprausos*). Vé que, en remate de contas, nós defendemos o que todos vós sentídes. No autonomismo galego estructúrase de xeito sistemático o que a xeneralidade dos galegos conscientes ansúa para a sua Terra, de xeito vago e difuso.

O AUTONOMISMO E O INTERNACIONALISMO

Antes de poñer remate ás miñas palabras,

hei de me facer cargo dun prexuicio que trata de nos colocar ós autonomistas, de costas ás correntes más avanzadas do moderno internacionalismo. Non falla quen nos acusa, de pretender encerrar en fronteiras infranqueables a nosa Terra, cando precisamente tratamos de a reincorporar á Europa.

Nunca Galicia foi mais podeirosa como unidade autónoma, que no tempo d-aquel Arzobispo Xelmírez, que foi coma un verdadeiro Presidente de república galega, e nunca tampouco foi mais europea; posto que o camiño francés, como reconoceu fai pouco Paul Claudel, fixo de Compostela o meridiano espiritual e cultural do Occidente. (*Aprausos*).

Así coma na políteca nacional eu señalaba denantes a existencia de dous movimentos coetáneos, un tendente á renovar, á democratizar á forma de Goberno e outro tendente a trocar a estructura do Estado, tamén na políteca xeneral do mundo advirtense á hora d-hoxe duas tendencias características da nosa época:

D-un lado, as ansias de chegar ó superestado, a unha entente internacional de todos os pobos. Briand proieuta os Estados Unidos de Europa. Wilson maxina a Sociedade das Nacións e fundanxe en Ginebra, a Cámara do Comercio Internacional, a Oficina Internacional do Traballo, a Oficina Internacional de Cooperación Intelectual, etc.

D-outro lado, as reivindicacións nacionais nunca se manifestaron en Europa, Asia e América con tanta puxanza como agora. ¿Quén pode negar que Sandino e Masaryck, De Valera e Gandhi, libertadores de Nicaragua e Checoeslovaquia, de Irlanda e da India, son figuras epónimas, tal vez as mais gloriosas do noso tempo? (*Aprausos*).

Y en canto ó exemplo dos grandes pobos, ¿que son os Estados Unidos, senón unha Confederación de 48 rexións, políticamente independentes? E buscando o antípoda d-esa república capitalista ¿cómo pode esquecerse que a Unión Soviética está constituída encol de bases análogas, e que hoxe se ensinan oficialmente nas duas Rusias mais de tres-

centos idiomas diferentes, prohibidos no tempo dos zares?

Unha e outra corrente internacional, a que pugna pol-a entente superestatal e a que estimula o rexurdimento dos particularismos étnicos, lonxe de ser contraditorias, converxen ó mesmo fin: a supresión das fronteiras fiscales, de xeito que non haya países económicamente escravizados por outros e a reducción dos exércitos, á fin de instaurar a paz e a liberdade permanentes na humanidade, ideal que endexamais se poderá realizar, mentres uns pobos vivan de asoballar á outros.

Pois esa cobiza universalista,—como vos decia Castelao—ese outo sentido humano, ven a ser un dos atributos ideolóxicos con que o autonomismo galego se define, se honra. (*Aprausos*).

VERBAS ÓS HOMES SEN FÉ

Quero que as miñas verbas derradeiras, vaian dereitas á chantarse na concencia dos desilusionados, dos homes sen fé, dos que non profesan ningunha idealidade. España é o único país d-Europa onde ainda hai xentes que confesan sen rubor o seu indiferentismo político.

Pois á os que observan sistemáticamente esa conducta de nugalla inhibitoria, a os que botan enriba de si o estigma d-esa vountaria interdicción civil, temos que denunciarlos pol-a responsabilidade que contraen co-a Terra. Eles son cómplices conscientes, ainda que por omisión, de todolos que a aldraxan,

de todolos que a traicionan, de todolos que a teñen aferrollada. (*Aprausos*).

Estamos na hora da loita. Ser ou non ser, é o dilema. E os que se neguen á axudar dende a esfera do seu valimento a causa da redención de Galicia, que é nosa tanto como d-eles, merecen ser resellados na categoría desleal dos «emboscados».

Pra todos hai un posto nas milicias cívicas da galegideade, mais os mozos non poden, menos que ninguén, esquecer que o seu deber está eiqui, porque o alento vigoroso e rebelde da xuventude ha de sel-a tónica das xornadas gloriosas que se avecinan.

Nelas tampouco pode faltar a muller. Nós queremos que as nosas compañeiras, aspiren a merecer unha admiración mais duradeira, que a que en nos despertan pol-a sua xentileza e pol-a sua fermosura. Queremos que elas endexamais poidan chegar a ser un lastre morto par-os ideales do home, pois que tamén os deben compartir e defender, identificadas con eles cordialmente. (*Aprausos*).

¡EN PÉ...!

Este Dia, vigueses, abre unha era nova par-os destinos da Pátria galega. Endexamais se diga de nós, que somos «almas rendidas». Endexamais volva á ser Galicia territorio colonizado pol-as taifas electoreiras das vellas oligocracias. Fagamos do berrro «Terra e Liberdade» o noso lema redentor.

Galegos, vigueses, Galicia reclama a axuda de todos. E respondendo á chamada do poeta que hoxe nos preside,


...En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
cantemol-o dereito
á libre, nova vida.
¡Ó redor da bandeira azul e branca,
ó redor da bandeira de Galicia!

(Cromorosa ovación, que se alonga durante varios minutos. Vivas a Galicia).


PESOS DE RÊDE E CHUMBEIRAS

pol-o Ténente AFONSO DO PAÇO

(ILUSTRACIÓES)



Figs. -1, 2 e 3



Figs. -4, 5 e 6

A PERDA D'UN VETERANO DO GALEGUISMO

Euxenio Charlón = Bondade e Enxebreza

O galeguismo tivo unha grande perda: a de Euxenio Charlón, un dos bós e xenerosos por antonomasia. No cimenterio da sua cibdade natal—Ferrol—durme xa o derradeiro sono. Somos á choralo cantos fumos seus amigos; moitos miles de galegos.

O nome de Charlón chegouse á facer popular na nosa terra. O fondo sentimento de galeguidade que mantiña sempre aceso na i-alma levóuno a xurdir con verdadeiro relevo. E así sendo un sinxelo traballador manual puido erguerse ata a outura d'exemplar galego representativo.

Era un modelo d'enxebrismo. Pro do enxebrismo consciente e de pura cepa. E da socarronería da raza que chuchou en xeiras d'estudo pol-as aldeias da mariña e da montaña soupo tirar un humorismo acugulado de inxenio que xorraba co'a gracia da i-auga das fontenlas campesinas nas suas parolas e nos seus escritos.

Dono d'un nobre espírito e d'un corazón imenso que non lle collia no peito, nunca en ningures puxo fel en nada mais que nas diáatribas en contra dos galegos ruiños e desleigados. Perante estes trocábase n'un lión de poutas rexas dispostas a rachar e a ferir.

Euxenio Charlón era un artesán artista —d'oficio ebanista, que merecía xustamente o título d'imaxeiro, pois puña alma nas suas belidas tallas lembrando os xurdios traballadores dos antigos gremios—que soupo superarse á si mesmo valéndose da forza do fondo enxebrismo racial que atesouraba.

Nas horas de vagar, na xuntanza d'outro bó galego, Sánchez Hermida, escribiu algunas pezas de teatro que conqueriron grande popularidade na Galicia e nas colonias dos nosos paisanos das Américas. Entr'ellas «Mal de moitos», «Trato á cegas», «O Mancifeiro» e «Axúdate», que representadas polos seus propios autores —á sua

vez notabres actores cómicos,—facían escuchar de risa á cantos asistian ó seu desenvolvemento nos escenarios.

Euxenio Charlón, coma home de rexa freba racial, deprocatóuse, cicalis sin ter lido a Nietzsche, de que «non co'a cólera senón co'a risa se mata» e por iso botando man das frechas sotis do humorismo puxo no cadasfallo do ridículo ós caciques, ós explotadores das supersticións, ós que cobran seu quinón nas marxes da ignorancia e ós desleigados que efecto do formento da escravitude que cinco séculos de centralización lles meteron no sangue avergónhanse de seren galegos.

¡Probe irmán Charlón! Modelo de cibdáns e de patrianos esgreivos, exemplo vivo d'homes honrados á carta cabal, corazón de neno, «specimen» de bondade e xenerosidade, cabezoleiro d'un enxebre niño familiar que agora sofre co'a friaxe da orfandá a tristura da miseria, os bós galegos non poderemos esquercerte nunca. ¡Si como fuches tí fosen outros moitos obreiros de Galicia; hoxe a nosa terra xa andaría no camiño recto da sua total liberación! Deixas un branco ronsel de virtudes na salgada xerfa do mar da vida galega que nada poderá esmorecer. Sempre que haxa que citar un obreiro modelo d'artesáns artistas todo galego, con espírito de gran señor, o teu nome lumioso volvoreteará nos nosos beizos.

¡Acouga en paz na terra que tanto quixeches, e que as flores da gratitud non deixen nunca de se mostrar vizosas encol da cova onde teu corpo apodrece, cheias do orvallo do sentimento de cantos te coñecimos!

¡Euxenio Charlón! Duas verbas evocadoras d'un arquetipo de xurdia galeguidade que farán sempre andar á presa os latexos de moitos corazóns.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

UN MOIMENTO EN SANT-IAGO

INAUGUROUSE o moimento de S. Francisco por Asorey en Compostela. Outra ordeación de pedras, carregadas de inspiración e dispostas pr'a eternidade na paisaxe artística de Sant-Iago. Agardámol o outono pra chegar devotamente ó seu pé e sentir e falar ó seu carón.

CONFERENCIAS EN RIBADAVIA

O Club Artístico de Ribadavia orgaizou, e rematou brillantemente, unha intresantísima serie de conferencias galeguistas co-a concurrencia d'unha enorme cantidade de xente e de canto hai de millor na vella e groriosa vila ourensán. As conferencias tiveron lugar no mes de xullo, suxeitas ao seguinte orde:

O día dous, falou Otero Pedrayo en col de: «Galeguismo e galeguidades».

O nove, Florentino L. Cuevillas, sobre: «Prédica galeguista».

O dazaoito, Primitivo R. Sanjurjo, de: «A música galega».

E o vintetrés, Alvaro de las Casas, que disertou sobre: «O deber d'autual democracia galega».

A final o Club obsequiou aos conferentes c'un eispléndido xantar ao que concurriron representacións da Irmandade Galeguista d'Ourense. En Ribadavia ficará por sempre un ledo recordo d'esta obra cultural que prenseu á xente no maior entusiasmo.

O MOSTEIRO D'OSEIRA

O 3 d'agosto posesioarónse solememente do antigo e admirabre mosteiro de Santa María d'Osseira, os monxes cistercienses que o van habitar na actual restauración.

Ao ato asistiu o Nuncio da S. S. monseñor Tedeschini o obispo d'Ourense Sr. Cerviño e catro abades mitrados, entr'eles o de Samos, fillo da Terra.

Ao parecer estes monxes propónense facer na Martiñá o Monserrat galego, constituindo un grande centro d'estudos adicados ao coñecemento e espallamento da cultura galega. Por outra, cunde a idea de facer eíqui o enterramento de todolos fillos

ilustres da Galiza. N'este caso Osseira podería voltar á ter a enorme significación que tivo na Edade Meia, ou ainda mor, e todos nós sentiríamos a obriga de xuntarnos rente d'ele vendo nas suas pedras outro dos grandes lampadarios da nosa xesta espiritoal.

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES GALLEGOS

Ao final xa está legalmente constituída a «Asociación de Escritores Gallegos», qu'era unha das organizações mais percutivas na nosa terra. Elementos sinaladísimos da nosa intelectualidade xuntáronse en Ourense, nomeando a seguinte directiva:

Presidente: Ramón Otero Pedrayo.

1.º Vice: Antón Vilar Ponte.

2.º Vice: Alfonso R. Castelao.

3.º Vice: Antón Noriega Varela.

Segredario xeral: Alvaro de las Casas.

Vice: C. Fernández Mazas.

Tesoureiro: Vicente Risco.

Contador: Roberto Blanco Torres.

Bibliotecario: Xacinto Santiago.

Vocales: Valentín Paz Andrade, Rafael Dieste; Xesús Bal e Gai, P. Rodríguez Sanxurxo, Florentino L. Cuevillas e F. Fernández Armesto.

L I B R O S

CINCOENTA HOMES, de CASTELAO

FAI ainda non unha lúa rexistrábamos «As cruces de pedra na Bretaña». Agora os «Cincoenta homes». Unha boa presa d'elles. Cada un no seu sitio dibuxado, demarcado, cravado na sua esenza co seu poder de maravilla que teñen os lentes de Castelao para coller a detremiñante esenzial no decorrer d'angas de cada vila. Eles—os homes, cada un d'elles—non sospeitan nada. Riranse ó follear o fermoso, o crudel, o compasivo volume, pois como na traxedia os autores se non decatan do seu sino agás dalgún instante, un lóstrego psicolóxico, de boracheira ou de paixón insospeitada. Iste homes non forman moitedume. Son todos terriblemente egoístas. Cando Castelao dibuxa moitedumes fai circolar n'elas un va-

por, neboeira ou lus, da ialma enorme da Galiza. Gracias á orgaización i-o tipo moderno da sociedá istes homes seguen cada un a sua órbita, sin chocare entre si. O home que se casou por amor propio esperta ideas de asesinato no home que non atopa oportunidade pra matar porque hai unha policia i-é moi gustoso o viño da taberna. Nun tempo feudal e brayo os homes comerianse uns ós outros, orgaizarianse en xerarquia de forzas e disfroitarian d'ise socego que lles dá licenza pr'andar pol-o mundo pra ser surprendidos na maior intimidade. O prólogo de Castelao di todo o que se pode dicir dos seus homes. Son cuáseque todos eles, homes da beiramar galega, beben viño branco, passean bigotes, panzas, bocas avarrentas, bigodeiras formidabres, leontinas e chapeus de mosqueteirismo de caciquería por laxeados e soportales mollados pol-a brétema atrántica. Os tipos nobres—o emigrante, o que foi home—passean seus ollos pol-o consolo das paisaxes de val e costa. Castelao quixera outros homes, sabe qu'os hai. Contodo tamén ama ás istes que dibuxa quitándolle os noxos desde os ceiba pol-o mundo. Tamén Balzac amaba os seus esquemas e sabía qu'eleas xuntos non facian o pobo francés. Un nome que ven cando se fala de Castelao. Igoal poder e locideza. Ca ventaxe que n'é preciso debullar acuguladas páxinas de prosa pra chegar á realidade das vidas.

Dr. AURELIO GUTIÉRREZ MOYANO, CJURUGÍA EN LA TUBERCULOSIS PULMONAR, Coruña, 1930, Imprenta Moret.

CONFERENCIAS pronunciadas nas Xornadas Médicas Galegas, agora limpamente editada pra ben dos estudos médicos pois n'iste traballo preciso e obxectivo do Dr. Gutiérrez Moyano atopanse craramente eispostas as intervencións quirúrxicas en tisiología con grande doutrina i-abondo de exemplos.

XESÚS CARRO GARCIA, O TÍMPANO DA CAPELA DE DONA LEONOR, Publizado en Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos - V 1930, Sezón de Historia.

PRECioso estudio no qu'o sabeo arquiólogo Sr. Carro García demostra como a capela chamada do Deián, na solaina do Obraíiro da Basílica compostelán débese chamar como n'outrora de Dona Leonor, pol-a d'iste nome Dona Leonor González, muller de Roy de Soga, moi partidaria do Arcebispo D. Berenguel, fundadora asegún as is-

cripcións descobertas e os documentos estudos pol-o Sr. Carro. Rematada interpretación das esculturas do tímpano, hoxe levado ó Museo da Catedral.

REVISTAS

GALICIA CLÍNICA, Junio de 1930.

SUMARIO: Dr. Royo Vilanova: «Los problemas de la medicina y la carestía de los enfermos». — Dr. Montes Nájera: «Consideraciones sobre el tratamiento endocrino de la esterilidad». — Dr. A. Nieto Méndez: «Crenoterapia». — Dr. Beato: «La reacción de Rafka a la parafina». — Dr. Merino Simón: «Bleñorrágia crónica, su tratamiento». — Dr. Spyridián Oeconomos: «La infección colibacilar del aparato urinario». — Dr. H. Sicuro: «Pediatría». — Dr. J. Iruegas: «Aparato digestivo, nutrición y secreciones internas». — «Congresos y cursos de perfeccionamiento». — «Libros escogidos». — «Tisioterapéutica». — «Índice bibliográfico». — Notas sueltas.

BIBLOS. Revista da Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Fases. V e VI.

SUMARIO: Manuel de Silva Gaio: «João de Deus», Guido Battelli: «Le Saudades Paganas», di Anthero de Quental e la poesía clásica di Giuseppe Carducci. — Gonçalo de Reparaz Junior: «Mestre Jacome de Mallorca», cartógrafo do Infante. — Vergilio Correia: «Da importânciados museus regionais». — Dr. José M. Rodrigues: «Ainda a dupla rota de Vasco de Gama em os «Lusiadas» V. 4-13, e a argumentação do Senhor Almirante Gago Coutinho». — Amorim Girão: «Esboço dumha caria regional de Portugal». — Mariano Saldanha: «O sati hindu e o centenario da sua evolución». — Ernesto Donato: «Os Reservados da Biblioteca da Universidade de Coimbra». — P. José dos Santos Mota: «Métrica de Camões».

LA NOSTRA TERRA, Mallorca, Juny, 1930.

SUMARIO: «La Personalitat Històrica de Mallorca i la seva bandera». — «Mateu Obrador Bennàsser» (esbós biogràfic continuació), por Antoni Pons. — «Fonts Iluminoses» «Pregària de Corpus, poemas de Guillem Colom». — «La Vida Humorística; Romanticismo», por Joaquim Verdaguer. — «La qüestió dels sauris davant la ciència», por Bartomeu Darder i Pericás. — «Asocia-

ció per la cultura de Mallorca».—«Els llibres».—«Reculls de fora».—«Noticiari».

Revista forte, esperta, segura. Lemos con lediza os aitos celebrados no centenario de Mistral. I-o poema de Guillem Colom «Plegaria de Corpus» lido en Monserrat no xantar da Diputación de Barcelona aos felibres proensals, que remata: Irenca, Jenyer—és hora já—els dogats—que oprimeixen les barres catalanes!*

REVISTA BIMESTRE CUBANA, Ed. pol a SOCIEDAD ECONÓMICA DE AMIGOS DEL PAÍS, Habana, Mayo - Junio 1930.

SUMARIO: «Martí en la prensa», por J. Hernández Carvajal.—«La extensión universitaria en la vida moderna», por Teodoro Johnson.—«La Sociedad como organismo», por Adrián del Valle.—«Sobre mitos brasileños y cubanos», por Fernando Ortiz.—«Nuevos datos para la biografía de José María Heredia» (conclusión), por Nicolás Rangel.—«Sobre el antiguo matadero de la Habaná», por Héctor de Miranda.—«En torno a los nuevos», por Manuel Pedro González.—«Viaje por Europa» (conclusión), por José Antonio Saco.—«Los rayos ultravioleta en la isla de Cuba», por Aurelio M. Espinosa.—«Alejandro de Humboldt y la Sociedad Económica», por X. X. X.—«Cuba en el extranjero», por Mario Sta. Cruz.—Revista de revistas — Bibliografía.—Índices.

PUBLICACIONES DEL CENTRO GALLEGO, IV Y V CURSO DE CONFERENCIAS, Montevideo, 1930.

SUMARIO: Ramiro Maeztu: «El sentido del Hombre en los pueblos hispánicos».—

José G. Antuña: «Nuestra lengua y la expresión propia americana».—Gerardo Diego: «Actualidad poética de Fray Luis», «La Vocación poética».—Eduardo Blanco Amor: «Cateo y denuncia de un posible arte gallego».—Juana de Ibarbourou: «El Rey Alfonso y las Cantigas de Sta. María».—Luis Gil Salguero: «El excepticismo de Francisco Sánchez».

Sin falar das agudas conferencias de Gerardo Diego—un pouco estropeadas polo ascetismo pedagógico dos Altos do Hipódromo, hai n'ista serie duas que nos intresan. Eduardo Blanco Amor é sempre o bó catedor das esencias galegas e por riba das modas sabe señalar os valores vidais da arte galega. O papel de Francisco Sánchez figura singolarmente amingoado na conferencia de Luis Gil Salguero: estima a Sánchez como un fondo pensador triste pola impotencia da razón mais sinceira e valente que non pudo infruir nas escolas posteriores.

GALICIA, Revista del Centro Gallego de Montevideo, Abril y Mayo de 1930. Número especial dedicado a La Coruña.

ARTIGOS do Dr. Sánchez Mosquera, Blanco Torres, Estrada Catoira, Eladio Rodríguez González, Xosé Lesta Meis, Gumerindo Bustos, Carré Aldao, Sigtuenza, A. Vilal Ponte, Francisca Herrera, Cabeza de León, Ponte Patiño, etc. moi intresantes. Nin unha soila liña en galego.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA e FARMACIA

Pereira, 19 — OURENSE — Teléfono 28

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés 50
A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos
Talleres de fotograiado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24 - Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
PASTILLA



**O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro**

AGUAS DE
MONDARIZ
Fuentes de Gándara y Troncoso
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todal-as
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagós-camas de
todol-os trés,

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquísima auga de mesa
— gaseada naturalmente —

Mondariz-Baneario, áchase á 35 Km. de Vigo